

Manual para disfrutar do Nadal... e da vida

A ferrolana Mar Dorrio acaba de publicar o libro “Calendario de Adviento” (Eunsa). Esta nai de doce fillos _e outros catro que están no Ceo_ conta como vive o Nadal a súa familia, a importancia dos preparativos, como as portas da súa casa están abertas aos amigos dos seu fillos ou como pide axuda ao Espírito Santo [“temos que premer máis veces a tecla de help pidíndolle axuda”].

08-01-2020

<https://www.rtve.es/alacarta/videos/ultimas-preguntas/ultimas-preguntas-preparando-navidad/5471192/?modl=COMTS>

Mar Dorrio é xornalista, traballou un tempo facendo entrevistas e confesa que a idea de rezar parecíalle pouco engaiolante ata que a convertiu en “tomar un café coa Virxen”. Nesta entrevista no programa de TVE “Últimas palabras” tamén fala de como se move nas redes sociais co seu blog *Why not twelve?* ou como en Instagram ten o *Café dos Venres* para seguir mantendo o contacto con amigas que estiveron en Ferrol e agora están vivindo en distintos lugares do mundo.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/manual-para-disfrutar-do-
nadal-e-da-vida/](https://opusdei.org/gl-es/article/manual-para-disfrutar-do-nadal-e-da-vida/) (11-03-2026)